

Contexto histórico de Roma

A civilización romana naceu nunha pequena aldea da Lacio no s. VIII a. C. Comezou sendo unha monarquía e evolucionou a República. A súa cultura ten influxos indoeuropeos, etruscos e gregos. Ten dúas etapas principais:

- **República:** VI – I a. C. Os romanos foron sometendo gradualmente aos habitantes da Península Itálica. A mediados do s. III enfróntanse a Cartago nas Guerras Púnicas. A vitoria de Roma supuxo a súa supremacía no Mediterráneo. A diferenza de Grecia, pronto constitúise como un Estado centralizado, cunha política imperialista e unha organización administrativa excelente. O sistema republicano acabou coas loitas de poder internas que remataron nomeando a Augusto como emperador. A cultura romana viviu unha intensa helenización a partir da conquista de Tarento (Magna Grecia).
- **Imperio:** I a. C. – IV d. C. Ata o s. II d. C. época próspera cun aumento progresivo do imperio, no que había características comúns: época da Pax romana. Coa romanización impúxose a cultura grecorromana no imperio. No s. III houbo unha intensa crise con emperadores pouco aptos, crise económica e declive artístico. A difusión do Cristianismo foi intensa, o que provocaría que pasaran de perseguilos a adoptar esta relixión como oficial do imperio. Ante esta debilidade producíronse invasións xermánicas, que remataran coa división do imperio en dous e posterior deposición do último emperador no ano 476.